

## **8. Administración do Parlamento de Galicia**

### **8.2. Persoal**

**Acordo da Mesa do Parlamento do 5 de xuño de 2006 polo que se aproban as Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia**

Exposición de motivos

O artigo 148.1.18 da Constitución española sinala que o Estado ten competencia exclusiva respecto das bases de

réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios.

Como unha parte dese réxime estatutario, e en desenvolvemento do establecido nese artigo, aprobouse a vixente Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.

Como queira que as actuais Normas reguladoras de eleccións á Xunta de Persoal do Parlamento de Galicia, aprobadas pola Mesa do Parlamento de Galicia o día 28 de marzo de 1995, non están plenamente adaptadas ás disposicións da referida lei, cómpre aprobar unhas novas normas que recollan os seus aspectos básicos e, en particular, o relativo á promoción da convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal na que se lles dea entrada aos sindicatos que contén coa representatividade establecida legalmente.

Por iso, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 5 de xuño de 2006, dispón:

#### Artigo 1. Composición da Xunta de Persoal

1. A Xunta de Persoal está integrada polo persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia que se atope en situación de servizo activo, elixido por sufraxio, libre, igual, directo e secreto por quen se encontre na devandita situación.

2. O número de membros da Xunta de Persoal fixarase segundo o número de funcionarios e funcionarias da devandita administración que se atopen en situación de servizo activo o día da adopción do acordo de convocatoria de eleccións, conforme a escala establecida na lexislación xeral.

#### Artigo 2. Electores e elixibles

1. Serán electores e elixibles:

a) Os funcionarios que se encontren en servizo activo.

b) O persoal funcionario en servizo activo que desempeñe un posto de traballo en comisión de servizo.

c) O persoal funcionario cunha situación equiparable á de servizo activo, como o funcionario interino ou en prácticas.

2. Será elector, sen ter o carácter de elixible, o persoal funcionario que ocupe postos de persoal eventual, cualificados de confianza ou asesoramento especial, que se atope na situación administrativa de servizos especiais.

3. Consideraranse electores os que cumpran os requisitos exixidos no momento da votación e elixibles os que os cumpran no momento da presentación de candidaturas.

#### Artigo 3. Lexitimación para promover as eleccións

Poderán promover a convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal, a partir da data na que falten tres meses para o vencemento do seu mandato, e no resto dos supostos previstos na normativa xeral:

a) As organizacións sindicais que obtivesen o 10 por 100 dos representantes nas anteriores eleccións á Xunta de Persoal.

b) As organizacións sindicais que tivesen a condición de máis representativas nos ámbitos estatal ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) As organizacións sindicais que conseguisen, cando menos, o 10 por 100 dos representantes no conxunto das administracións públicas.

d) O persoal funcionario por acordo maioritario.

#### Artigo 4. Comunicación da promoción de eleccións

Os promotores comunicaranlles á Mesa do Parlamento e á oficina pública do rexistro competente o seu propósito de convocar eleccións, con indicación da data de inicio do proceso electoral, que será a de constitución das mesas electorais e que, en todo caso, deberá fixarse entre o primeiro e o terceiro mes posteriores ao rexistro na oficina pública da devandita comunicación.

#### Artigo 5. Exposición e comunicación de promoción de eleccións

1. Logo de os seus promotores lle comunicaren á Mesa do Parlamento o propósito de convocar eleccións, a Mesa do

Parlamento acordará publicar o día hábil seguinte no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o escrito de promoción. Así mesmo acordará expolo nos taboleiros de anuncios do Parlamento de Galicia durante doce días hábiles.

2. Ao transcorrer este período o letrado oficial maior daralle traslado do escrito de promoción ao persoal funcionario que deba constituír a mesa electoral, e porao simultaneamente en coñecemento dos promotores.

#### Artigo 6. Composición da mesa electoral

1. A mesa electoral estará constituída polo presidente ou a presidenta, que será o funcionario ou a funcionaria de máis antigüidade, de acordo co tempo de servizos recoñecido, e dous vogais, que serán os funcionarios ou as funcionarias de maior e menor idade de entre os incluídos no censo correspondente, e o de menor idade actuará como secretario.

2. Designaranse suplentes a aqueles funcionarios que, á súa vez, sigan aos titulares da mesa electoral, na orde indicada de antigüidade ou idade.

#### Artigo 7. Documentación electoral

A mesa electoral aprobará os modelos de impresos, sobres e papeletas que deberán ser utilizados no proceso electoral.

#### Artigo 8. Constitución da mesa electoral

1. A mesa electoral constituirase formalmente, mediante acta outorgada para tal efecto, na data fixada polos promotores na súa comunicación do propósito de convocar eleccións, que será a data de iniciación do proceso electoral.

2. Os cargos de presidente, vogal e secretario da mesa electoral son irrenunciabes. Se calquera dos designados estivese imposibilitado para concorrer ao desempeño do seu cargo, deberallo comunicar ao letrado oficial maior, antes da data determinada para a constitución da mesa electoral, coa suficiente antelación que permita a súa substitución por un suplente.

3. A mesa electoral poderá estar asistida tecnicamente por un representante de cada un dos sindicatos que teñan capacidade para promover eleccións. Se así o require a mesa elec-

toral, tamén poderá asistir un representante da Administración parlamentaria.

#### Artigo 9. Funcións da mesa electoral

Correspóndenlle á mesa electoral estas funcións:

a) Elaborar e publicar o censo de funcionarios, con indicación dos que son electores e dos que son elixibles.

b) Resolver calquera incidencia ou reclamación relativa a inclusións, exclusións ou correccións do censo.

c) Determinar o número de representantes que teñan que ser elixidos en aplicación do disposto no artigo 8 da Lei 9/1987.

d) Fixar a data da votación dentro da xornada laboral ordinaria, o que deberá comunicárselle á Oficialía Maior para que poña á disposición da mesa o local e os medios que permitan o seu normal desenvolvemento.

e) Proclamar as candidaturas presentadas e resolver as reclamacións que se presenten para tal efecto.

f) Resolver as solicitudes de votación por correo.

g) Realizar o escrutinio das votacións en urna e levantar a acta de escrutinio, con publicación e envío dela á oficina pública de rexistro correspondente. Soamente por causa de forza maior poderá suspenderse a votación ou interromperse o seu desenvolvemento baixo a responsabilidade da mesa electoral.

h) Fixar os criterios que haxa que ter en conta no proceso electoral.

i) Expedirlles certificación dos resultados electorais aos interventores acreditados perante a mesa electoral.

#### Artigo 10. Censo electoral

1. A mesa electoral, na súa reunión constitutiva, cos medios que lle deberá facilitar a Administración parlamentaria, confeccionará o censo provisional de electores e farao público nos taboleiros de anuncios mediante a súa exposición durante un prazo non inferior a setenta e dúas horas.

2. Contra a inclusión ou a exclusión de nomes no censo poderanse presentar reclamacións no prazo das vinte e catro horas seguintes á súa exposición. A mesa electoral resolveraa e publicará o censo definitivo de electores dentro das vinte e catro horas seguintes á finalización do prazo anterior, e fixará ao mesmo tempo o número de representantes que teñan que ser elixidos, de conformidade co establecido na lexislación xeral.

#### Artigo 11. Presentación e proclamación de candidaturas

1. Poderán presentar candidaturas as organizacións sindicais legalmente constituídas ou coalicións destas. Tamén poderán presentarse candidaturas avaladas por un número de sinaturas de electores equivalente, cando menos, ao triplo dos membros que se van elixir.

2. As candidaturas ou listas deberán conter, como mínimo, tantos nomes coma postos que hai que cubrir, e consignarán, tras a denominación ou as siglas do sindicato, coalición ou agrupación de electores que as presente, a relación dos nomes e apelidos dos seus compoñentes e a orde de colocación deles. Na relación de nomes de candidatos poderá figurar a identificación específica da organización sindical á que cada un pertenza ou a súa condición de independente.

A renuncia de calquera candidato presentado nalgúnhas das listas para as eleccións antes da data da votación non implicará a suspensión do proceso electoral, nin a anulación da devandita candidatura aínda cando sexa incompleta, sempre e cando a lista afectada permaneza cun número de candidatos, cando menos, do 60 por 100 dos postos que hai que cubrir.

3. As candidaturas presentaranse perante a mesa electoral durante os nove días hábiles seguintes á publicación da lista definitiva de electores. A proclamación farase nos dous días laborables inmediatamente posteriores á data de conclusión do devandito prazo, e publicarase nos taboleiros de anuncios do Parlamento de Galicia. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar dentro do día hábil seguinte perante a mesa, que resolverá no primeiro día laborable posterior a tal data. Entre a proclamación de candidatos e a votación mediará un prazo de, polo menos, cinco días hábiles.

4. Cando concorra en calquera dos membros das mesas electorais a condición de candidato, o funcionario afectado cesará na mesa correspondente e substituirao un suplente.

5. Cada candidatura poderá nomear un interventor de mesa. Así mesmo, a Administración parlamentaria poderá designar un representante que asista á votación e ao escrutinio, con voz pero sen voto.

6. Logo de que se proclamen os candidatos definitivamente, os promotores das eleccións, os presentadores de candidatos e os propios candidatos poderán efectuar desde o mesmo día de tal proclamación ata as vinte horas (20.00 h) do día anterior ao sinalado para a votación a propaganda electoral que consideren oportuna, sempre e cando non se altere a prestación normal do traballo.

#### Artigo 12. Votación

1. O día sinalado para efectuar a votación, a mesa electoral constituirase ás oito horas e trinta minutos (8.30 h) e a votación terá lugar desde as nove horas (9.00 h) deica as vinte horas (20.00h).

2. O dereito a votar acreditarase mediante a demostración da identidade do elector e a comprobación da súa inscrición no censo electoral.

3. Cada elector só poderá darlle o seu voto a unha soa das listas proclamadas. Os electores non poderán introducir modificacións nas listas, nin alterar a orde de colocación dos candidatos.

4. En cada lista deberán figurar as siglas do sindicato, coalición ou lista de funcionarios que se presenten.

#### Artigo 13. Votación por correo

1. Poderase efectuar a votación por correo, logo de comunicación á mesa electoral. Esta comunicación terá que se dirixir antes do quinto día anterior á data da votación.

A mesa electoral correspondente, unha vez comprobado que o comunicante figura no censo de electores, anotará a petición e remitiralle a aquel as papeletas e o sobre electorais.

O elector introducirá nun sobre de maiores dimensións o sobre que conteña a papeleta escollida, que deberá pechase, así como unha fotocopia do DNI, e remitirao por correo certificado.

Recibidos estes sobres certificados, o secretario da mesa electoral custodiaráos deica a votación, quen, ao termo desta, e antes de iniciar o escrutinio, llos entregará ao presidente, quen á súa vez, logo das comprobacións oportunas, os depositará na urna.

2. Porén, se o funcionario que optase polo voto por correo se encontrase presente o día da elección e decidise votar persoalmente, manifestarao así perante a mesa, que, despois de emitido o voto, procederá a entregarlle o que enviara por correo se se recibise, e no caso contrario, cando se reciba, incinerarase.

3. Se a correspondencia electoral fose recibida con posterioridade ao remate da votación, non se computará o voto nin se será como votante ao elector, procederase á incineración do sobre sen abrir e deixárase constancia de tal feito.

#### Artigo 14. Reconto de votos e atribución de resultados.

1. Ao finalizar a votación e unha vez depositados os votos por correo, iniciárase o reconto de votos, que será público, mediante a lectura en alta voz das papeletas.

Serán nulas as papeletas que teñan riscos ou riscadas, correccións ou anotacións, así como os sobres que conteñan papeletas de candidaturas diferentes.

2. Ao ter feito o reconto de votos, o presidente anunciará o resultado da votación, especificando o número de votos emitidos a favor de cada candidatura, o de votos en branco e o de votos nulos, e efectuará a atribución de postos conforme se sinala no apartado 3 deste artigo. De todo isto, así como das incidencias habidas, quedará constancia na acta do escrutinio, que será asinada polos compoñentes da mesa, os interventores e o representante da administración, de o haber.

O presidente da mesa estenderá, por pedimento dos interventores acreditados perante ela, un certificado dos resultados da votación.

3. A atribución de membros da Xunta de Persoal ás distintas listas presentadas axustarase ás regras seguintes:

a) Non terán dereito á atribución de representantes na Xunta de Persoal aquelas listas que non obtivesen como mínimo o 5 por 100 dos votos válidos emitidos.

b) Determinarase o cociente que resulte de dividir o número total de votos obtidos validamente polas distintas candidaturas polo de postos que hai que cubrir. Adxudicáraselle a cada lista tantos postos como números enteiros resulten de dividir o número de votos obtidos por cada lista polo cociente ao que se refire o inciso anterior. Os postos restantes, de os haber, atribuiránselle sucesivamente a cada unha das listas cuxo resto, ao efectuar a operación anterior, teña unha fracción decimal maior.

c) Dentro de cada lista elixiranse os candidatos pola orde na que figuren na candidatura.

d) No caso de empate resultará elixido o candidato de maior antigüidade na función pública.

e) No caso de se producir vacante por renuncia ou calquera outra causa, aquela cubrirase automaticamente polo candidato seguinte da mesma lista á que pertenza o substituído, polo tempo resultante de mandato.

#### Artigo 15. Votos nulos e en branco

Para os efectos do disposto no artigo anterior, serán considerados votos nulos os emitidos con algunha das seguintes circunstancias: mediante papeletas ilexibles, con riscos ou riscadas, que conteñan expresións alleas á votación, que inclúan candidatos non proclamados oficialmente, que se depositen sen sobre, que contén con adicións ou supresións á candidatura oficialmente proclamada ou calquera tipo de alteración, modificación ou manipulación, así como a votación por medio de sobre que conteña papeletas de dúas ou máis candidaturas e o voto en sobre ou papeleta diferentes ás utilizadas oficialmente.

#### Artigo 16. Publicidade dos resultados electorais

1. A mesa electoral fará público o resultado da votación nos taboleiros de anuncios dentro das vinte e catro horas seguintes á finalización do acto do escrutinio.

2. A mesa electoral remitiralles durante os tres días hábiles seguintes ao día de finalización do escrutinio dos resultados copia da acta do escrutinio á Mesa do Parlamento, ás organizacións sindicais que presentaron candidaturas e aos representantes electos.

Así mesmo, nese mesmo período presentará o orixinal da acta na que conste o devandito escrutinio, xunto coas papeletas de votos nulos ou impugnados polos interventores e as actas de constitución das mesas na oficina pública de rexistro.

#### Artigo 17. Impugnacións electorais

1. As impugnacións en materia electoral tramitaranse conforme o procedemento arbitral regulado nos artigos 28 e 29 da Lei 9/1987 e as súas normas de desenvolvemento regulamentario.

2. Para a impugnación das actas da mesa electoral requírese ter efectuado previamente reclamación perante ela, dentro do día hábil seguinte ao acto que motiva a impugnación. A mesa resolverá a reclamación no día hábil posterior.

#### Artigo 18. Publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia

Logo de resolver as posibles reclamacións ou transcorridos os prazos establecidos para formulalas, os resultados definitivos publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e a mesa expedirá as certificacións acreditativas da condición de membro da Xunta de Persoal e remitiralle a documentación para o seu arquivo á Oficialía Maior.

#### Artigo 19. Constitución da Xunta de Persoal

1. A Xunta de Persoal constituirase nos quince días seguintes á súa elección. A sesión constitutiva será convocada e presidida polo candidato proclamado en primeiro lugar da lista que obtivese máis votos e actuará como secretario o candidato proclamado en primeiro lugar da segunda lista máis votada. Na devandita sesión, a Xunta elixirá, entre os seus membros, un presidente, un vicepresidente e un ou dous secretarios.

2. A Xunta de Persoal, unha vez constituída, elaborará unhas normas de funcionamento, que non poderán contravir o disposto no Estatuto de persoal do Parlamento. Para tal efecto, estas normas, que deberán ser aprobadas polos votos favorables de dous terzos dos seus membros, seranlle remitidas á Mesa do Parlamento. Calquera modificación delas levarase a cabo por igual procedemento.

#### Artigo 20. Duración do mandato da Xunta de Persoal

O mandato da Xunta de Persoal será de catro anos. Se transcorrido o devandito prazo non se promovesen eleccións, aquel entenderase prorrogado durante un ano máis como máximo. Así mesmo levarase a cabo a convocatoria de novas eleccións cando teña cesado o 50 por 100 dos membros da Xunta de Persoal e non fose posible cubrir os seus postos mediante a substitución automática prevista nestas normas.

#### Artigo 21. Revogacións e substitucións

1. Só poderán ser revogados os membros da Xunta de Persoal durante o mandato por decisión dos que os elixisen, mediante asemblea convocada para tal efecto por instancia dun terzo como mínimo dos electores e por acordo adoptado pola maioría absoluta dos electores mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto. Porén, ata transcorridos seis meses desde a súa elección, non poderá efectuarse a súa revogación.

2. No caso de producirse vacante por dimisión ou por calquera outra causa na Xunta de Persoal, aquela cubrirase automaticamente polo candidato seguinte da mesma lista á que pertenza o substituído. O substituto serao polo tempo que reste de mandato.

3. As substitucións, as revogacións, as dimisións e as extincións dos mandatos comunicaráselles á oficina pública de rexistro e ao órgano competente perante o que se teña a representación, e publicaranse, así mesmo, nos taboleiros de anuncios do Parlamento. Nos supostos de substitución o letrado oficial maior expediralle ao substituto a certificación acreditativa da súa condición de membro da Xunta de Persoal.

#### Disposición adicional. Delegación de competencias

As competencias atribuídas á Mesa do Parlamento nestas normas poderán ser delegadas no letrado oficial maior do Parlamento de Galicia.

#### Disposición derogatoria. Derrogación das Normas de eleccións de 1995

Quedan derogadas as Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal do Parlamento de Galicia aprobadas pola

Mesa do Parlamento na súa reunión do día 28 de marzo de 1995.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Estas normas entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>